

Ola familias!

Esta semana seguro que andamos moito mellor de **ÁNIMO**, poder desfrutar dunha hora diaria de xogo cos nen@s no exterior vai repercutir moi positivamente en todos. Por iso, unha das actividades que vos propoñemos para esta semana é que nos contedes esa primeira saída despois do confinamento . Podedes facelo a través dun debuxo onde reflexedes como vos sentístedes (contentos, asustados, con medo..) a onde fóstedes, con quen, que levastes para xogar, a quen vístedes...

A seguinte proposta comeza coa lectura dun conto por parte das **PROFES** que narra as aventuras dunhas personaxes moi queridas polos cativ@s: "Os Bolechas". Posteriormente presentamos actividades variadas relacionadas con ese conto. Non aparecen secuenciadas por días para que teñades a posibilidade de decidir cantas e cales queredes facer en cada momento. Non é preciso que as imprimades, algunhas podedes copialas nun folio e outras pódense facer directamente mentras as visualizades na pantalla... Hai unha serie de fichas para completar con vogais, recomendámosvos que esaxeredes moitísimo os sons desas vogais para facilitarlle a identificación das mesmas ós nen@s.

Esperamos que vos resulte motivadora esta nova proposta. Moitas grazas pola vosa colaboración!!!

AS PROFES DE CATRO ANOS.

